

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol*, o día 5 de decembro de 2004.-

Celso Emilio: a terra do poeta

Para Xosé Ramón, o meu cuñado de
Celanova.

Ao comezo de *Longa noite de pedra* aparece unha fermosa cita de Salvatore Quasimodo que di “*Ser dun tempo e dunha terra. Eis o segredo da poesía máis humán e verdadeira*”. Que Celso Emilio Ferreiro é un poeta perfectamente ancorado no seu tempo, a día de hoxe resulta unha afirmación absolutamente irrefutábel. E se estudamos cun mínimo de atención a súa traxectoria poética poderemos observar un vencello coa terra (e non falo só do seu senso máis abstracto) que resulta difícil de atopar noutros poetas. Moitas veces trátase dunha sutil pincelada que decora un texto pero outras, as máis, constitúe o alicerce, a estrutura, o corpo mesmo, sobre o que se constrúe o poema.

Dende as súas composicións máis temperás, podemos atopar fermosos versos que falan dos “*verdes outeiros da nativa terra / durmindo nun azur de lumes quedos*”. Era Celso Emilio un home que alá onde viaxase levaba consigo a terra enteira: “*Un día voltarei, nativa terra (...) En min te levo*”.

Tamén podemos observar que hai polo menos dous niveis de “terra” na poesía de Celso Emilio. O primeiro, dende logo, é Galicia, a “matria” (verba usada polo poeta) pola que está disposto a entregalo todo, incluso a vida. E o outro, quizais a que un meirande número de versos ocupa, é a súa vila natal de

Celanova, que ademais foi tamén a terra de Curros Enríquez, outro dos nosos máis insignes poetas: "*Nacín (modestia fora) / nun lugar onde o mundo / se chama Celanova.*"

Son innumerábeis as mencións a esta vila do corazón de Ourense que aparecen ao longo de toda a obra de Celso Emilio, coma pode ser a seguinte, extraída de "*O soño sulagado*" (1954): "*Ouh, largasío val de Celanova / que o meu amor de neno acariñache / con sombras de outos paxaros e ventos / cantando polos boscos.*"

Cada palabra dedicada por Celso Emilio á vila onde naceu (e padeceu, non esquezamos que no ano 1937 estivo preso no seu impresionante convento, fundado por San Rosendo, daquela convertido en prisión) destila un agarimo, un amor, difícil de observar noutros poetas, e o seu punto mais alto podemos atopalo, dende logo, nese libro que leva o fermosísimo título de *Onde o mundo se chama Celanova*. (1975), no que atopamos versos de tan fondo lirismo coma os seguintes: "*Lonxana Celanova vinculeira, torre ebúrnea da miña mocidade, (...) Quero voltar a ti, nai garimosa*", escrito dende Caracas, ou eses nos que evoca a súa nenez: "*E véxome rubir, neno que eu era, / montado nun burriño, costa enriba, camiño de Acebedo onde mouraba / toda a infancia miña*"., ou eses outros dedicados ao seu paisano Curros: "*En Celanova había un neno triste / cun fondo río de orfandá no peito*". (Acaso non son fermosos de verdade?)

E tamén en *Longa noite de pedra* (1962) o poeta fala, aínda que sen dicir o nome, da súa Celanova natal, cando reflexiona sobre o momento do seu propio pasamento: "*Quero morrer eiquí / (...) Ser sementado / nesta miña bisbarra. / Finar eiquí o meu cansancio acedo*".

Sempre está viva en Celso Emilio esta idea recorrente de regresar ao punto de partida, especialmente en todos os poemas contidos no *Viaxe ao país dos ananos*. (1968), que describen, sen escatimar acidez nin amargura, a súa visión do mundo dos emigrantes. Ese “Gulliver Ferreiro” que fala no libro di cousas da terra (esta vez xa Galicia enteira) de tan fondo calado coma as seguintes: “*Pechái tódalas portas / e que xa ninguén saia (...) Arbre antigo, Galicia, / fendérono as machadas.*”, ou “*Penso en Galicia e vexo un lume aceso / nas pálpebras azúes da paisaxe. / (...) / Digo Galicia e sinto un arrepío.*”, ou “*Viaxeiro, que vés de lonxe / e vas de paso: / Dilles aos irmáus da Terra / que é moi triste o país dos ananos.*”

Na parte segunda dese mesmo libro atopamos unha das mellores descrições que se fixeron de Galicia, dende o meu punto de vista: “*O meu país predilecto / limita ao norde cos ventos alisios, / ao sul cun arrabalde de Bós Aires / e cun porto de Hamburgo; / ao leste con tres pombas mensaxeiras, / ao nordeste coa terra de ningures.*”

E igual de fermosos son eses versos que escribe “Deitado fronte ao mar” na *Longa noite de pedra*: “*E ti vives no mundo, terra miña, / berce da miña estirpe, / Galicia, doce mágoa das Españas, / deitada rente ao mar, ise camiño...*”

E que será o que ten esa vila de Celanova para que Celso Emilio non deixe de mencionala con ese agarimo que destilan os seus versos, pregunteime moitas veces. En parte atopei a explicación na dedicatoria do poemario *Terra de ningures*, que di o seguinte: “*En memoria dos meus mortos máis queridos –país e irmáus- que dormen o seu definitivo sono no val de Celanova.*” As paisaxes vividas na nenez imprimen a súa imperecedoira

pegada no carácter das xentes todas. Son un sinal de identidade que nunca nos vai abandonar ao longo da vida, e, sen ningún xénero de dúbida, Celso Emilio soubo impregnar con esa pegada todos os versos da súa poesía.

© Xesús Constela Doce, 2004

Nota do autor: para a transcripción dos versos de Celso Emilio Ferreiro utilizo a ortografía usada polo propio poeta.